

Uxío Novoneyra

Nota editorial


No arquivo do doutor Domingo García Sabell (Santiago de Compostela 1908-2003), a quen temos que agradecer o coidado e escrúpulo con que custodiou os interesantes e importantísimos documentos que el foi reunindo, paciente e sistematicamente, ao longo da súa vida, figura, entre outros textos decisivos para entender mellor a obra do poeta do Courel, o orixinal mecanoscrito dun libro, *Elexías do Courel*, que nunca chegou a ver a luz pública de seu, coma non fose a retallos, salferindo aquí e alá outras entregas editoriais que sería de grande interese observar polo miúdo e devagar a fin de facerlles un seguimento e procurar trazar o itinerario que nos leve até o paradiro final dos poemas que a continuación reproducimos para definitivo coñecemento de estudosos e lectores devotos dun poeta como Uxío Novoneyra (Parada do Courel 1930-Santiago de Compostela, 1999), que fixo da escritura e do coidado escrupuloso da súa obra édita e inédita o obxectivo absoluto da súa vida ao servizo da poesía, da cultura galega e do país que nunca se resignou a ver derrotado e submiso.


Agora, por beizóns dos herdeiros da familia García-Sabell, e do seu desprendemento e sensibilidade contrastados na persoa da profesora e amiga Teresa García-Sabell Tormo, dispoñemos de tan decisivo texto e dámolo a coñecer fotografado, inserindo entre corchetes as nosas intervencións no texto para restaurar as palabras riscadas ou aquelas manuscritas ilexíbeis. Adxuntos a el, no sobre de papel que tamén contiña mecanoscrita a “versión definitiva” do sonado “Chamamento ós Galegos”, como xa deixamos dito no seu lugar (v. sección de NOTAS deste volume), anúncianse “Cinco poemas isolados”, tamén mecanoscritos, que se reducen propiamente a catro e que, así mesmo, reproducimos para os lectores do *Boletín Galego de Literatura*. Son poemas que

Novoneyra publicou con variantes, como adoitaba facer, noutros lugares e para outros mesteres. No mesmo sobre figura unha “Carta de Novoneyra a García Sabell”, na que se expoñen interesantes observacións do poeta acerca deste seu libro nunca editado como tal.

Xa en 1991, con motivo da saída do volume 6 da nosa revista correspondente ao 1º semestre daquel ano, Uxío Novoneyra tivera a xenerosidade de nos facer entrega dunha autopoética e dun monllo de poemas inéditos que el escribira inspirado nuns gravados de Carlos Crego. De xeito que estamos cun poeta coñecido desta casa e que non necesita de máis presentacións.

Coa edición de todos estes textos, mais a Bibliografía que elaborou *ad hoc* para a ocasión Esther de León Viloría e que ofrecemos a continuación, o *Boletín Galego de Literatura* súmase ás homenaxes que recibiu o bardo do Courel no ano que acaba canda esta entrega da nosa revista, na seguranza de que asemade rendemos un servizo, modesto pero imprescindible, á comunidade universal de estudosos do feito literario, en xeral, e a Galicia, o país que Uxío Novoneyra amou incondicionalmente con verdadeira obsesión.





Pra Domingo García Sabell de Compostela, amigo, Novoneyra. Compostela 1961.

CINCO POEMAS ISOLADOS

COOR DE SOEDADE

A Anxel Fole de Lugo.

TERRAS outas e soias!
Serras longas, mouras do ucedo!
Eu son a vosa coor de soedade.

Ouh Ancares,
soñados ~~de~~ lonxanía!
~~acísados i escuros!~~
[acísados i escuros!]

Penas de Marco de Medio Mundo,
~~quedas~~ en ringleira do Candedo ás Moás!
[quedas]

Ouh Campa da Lucenza, Pena Boa, Montouto,
/ Pia Páxaro:
tesos cumes do Caurel!

Pobos probes -paredes vellas, teitos de
/ lousa-
ardidos de tristeza,
mouros de queimaos!

1954.

A medida que o tempo pasaba
aló^gábame da morte.

[un] [s]

As ondas do río devalaban lenes,
levando as barcas soltas pro infindo do mar i a
/ noite.

No milagre longo
coidei seguir sempre nas barcas devalando...

1955.

A FOLLA DO POEMA

ALA, no inverno dos tesos, *atui'*
cando o silencio da terra ~~esvece~~ as lembranzas,
[esvece] / zas,
pra quedar só comigo na casa grande,
atopei un poema que inda era meu:

" A CLARA "

"VENGO a ti, seguindo mi sueño,
y llego al bosque cada vez mas vasto e íntimo
que despliega su soledad en tu andar y tus ojos,
y hallo un sitio amplio en el tiempo mas mío
para hablarte lento, lejano y grave, como tu hablas,
por la mirada quieta que fluye,
llevándote mi silencio último
como una dédiva eterna y única."

Madrid, 1951."

Quedei ca folla esquecida nas maos,
quedo na lembranza que envisa o meu xeito...

Sin saber por onde,
pasei da lembranza ó sono
e vaguei alleo pola casa grande...

Caurel, 1957.

O MOUCHO DA ALAMEDA

Lugo, 1957.

MOUCHO que cantas pra noite queda
na sombra das flairas tecidas,
ti las distas arbres de ciudá
un bosco antigo no que eu estiven sempre.

Oíndoche, esquezo as casas apezadas de arre-
que o teu canto iñora. / dor

Pasa o tempo inorde polo teu cor antigo,
destilase nil
e pinga no silencio da noite
que ecoa en min,
levándome á hora mais remota...

1957.

ELEXIAS DO CAUREL
(POEMAS DO ULTIMO)

1953-1960

1

MORRER é ficar morto!

1953.

NA NORTE DE LOIS PIMENTEL

A tua morte asixoume núa.

Ca tua perda sinto todo o que hei de per-
/ der.

A tua imaxe está diante min
no espacio que a dor envisa.

... ..

Leia a curuxa i eu velo ...

1958.

BALLET DA NENA TRISTE

DONDE che ven a tua tristeza
-a paisaxe dos teus ollos i o són do teu
/ xeito-
se inda non sabes que has de morrer e que
/ a vida non ten sentido?

Cas maos mais lenas,
recóllela diles...deixala no aire...e fu-
/ zes...

Mais, antes que pase o intre,
volve cair en ti que xiras, xiras,
sin poder sair do circo que te pecha...

NA MORTE DE CARLOS MASIDE

PODE morrer o home?

Dónde está agora Compostela?

Eu non sei pensarte morto.
Abrio a fiestra
e ollo a serra pra ti...

1958.

É a nebra que ún non pode cruzar nin furtárse-
/ lle .
O cor sabe a inseguranza de todo
i en vano nos arroupamos no desamparo.

Mais inda teima a esperanza
ca vaga promesa dun tempo inmortal.

Por qué a esperanza?
Ela sabe algo que un iñora...
pois non é ilusión que se ún fai.

Ouh se a esperanza fose un agoiro!

SEI como estará a noite ó teu lado,
merlo que agardas
o canto que nunca tiveche no bosco.

Tamén eu atendín o silencio último
na forza da sede infinda que vela.

A R.M. de Andrade.

[pazo do són] *ouh*
 QUE agardas ti, ~~algo de són~~, alma miña?
 Tínguese a nostalgia última
 i eu lévo~~te~~ entre o pan i o humor cotidián.
 [che]

Cántas veces o viño volveome autil senso!

Ouh edá dourada,
 [che] por ~~qué~~ *de* sei e me fallas se non ~~de~~ *de* vivín?
 Non ~~de~~ *de* vivín? [che]
 [che]

Ouh amiga lene de horas soias de choiva e
/ bosco!
(Só quen vela os seus sonos
gana un futuro de milagres)

Ouh gracia antiga,
nas tuas maos gáruanse os ritos esquecidos!

De elas ós teus ollos
a miña ollada ergue o prego xordo de quen
/ quere ter senso...

Mais, inda no pulo do amor,
eu sei que só podemos aspirar
a un tempo de intres inmortais.

Non lle neguemos nada a esta hora nosa.
Logo tornarán os días sin senso nos que todo
/ se volve.

Sí, amiga,
non temos nada que non se perda coadamamente!

EU ás veces quédome sin nada.
Nafraga o que teño na dor do que me falla.
Sin deus ó que erguer pregos, acóllome a tua
/ ollada.

Volto pra ti, son o ollar longo do lobo
que envisa a lua soia na noite alta...

~~OH amiga supetamente nacida a min!~~
[OH amiga supetamente nacida a min!]

Como será iste outono?
Será soio pro soute a coor da morte longa?
Farasme esquecer o que o cor soupo?

Hasta canco iste tempo de elexia?

11

SEI o teu xeito de velar as noites,
cando se ergue soia a ofrenca última.

Ouh maos lenes
pra pousarse na nebra cos outos boscos!

253

NON val que eu lle traia unha i outra razón / feita
O cor nega o sono de ser inmortal.
N-algo il conoz
que nada se furta a ese fin certo.

Ouh certo da morte,
coor longa do cor ó pensamento!

CUH amiga cotidián e frutal!

~~(O tempo remata en cada pulo)~~

[[O tempo remata en cada pulo]]

[Eu son un alustre polo ceo mais nubro]

~~Eu son un alustre polo ceo mais nubro~~

[e] ~~e~~ **Ti** eres a terra da choiva i o sol
 que en vano me dá os seus froitos.
 (O cor que sabe o seu sino non pode acougar)

Cuh amor sin sonos
 de soedá a soedá!

OTI cor, sempre nño i esposto!

antes eu coidaba que a dor mais fonda facia
/ inmortal.
Mais tamén sentila é inútil.

D-ista dor quedará un xeito pre ollar o Ou-
/ tono.

POR TERRAS DO FREXEIRO

E pra onde vou? Sábeno os meus sonos.
Eu sigoos hasta aonde son meus.

O tren, movendo a coor do Inverno,
lévame á tristeza última da perda sin nome...

Ah, non en vano o meu cor pasou polo Outono!

1959.

EU non podo esquecer que estou emprazado,
mais déixome en libertá,
sin forzar os sonos a morrer
nin levalos a posta pra gardarme.

Son o home que pode e soporta ser home
i anque sei que non teño mais que esta vi-
/ da,
busco algo que desminta a seguranza
de que todo está perdido.

A choiva non é miña!

O vento i a coor escura e longa do Gaurel
non vein de esta cousa que deixa
o ir perdendo todo o que ún creou
e caír no curso xordo que tampouco ha seguir
/sempre,
pois eu sei que esta dor é por algo
que ún non tiña sin fundamento.

Ouh anguria,
ti nunca me levache á indiferencia!
O abrirse máis, o valeiro último crama a crea-
/ción...

HEI de acordar novas cores e ledicias,
arelas e nostalxas,
se sei que entre elas ha de seguir o curso xor-
/ ño
e se xa sentín a dor i a ledicia
a arela i a nostalxa última?

QUE teño ó lonxe?

Non sei o que é,
só sei que é e que non me é alleo,
está en min i acóneme tras de algo insalva-
/ bre..

Cuh si eu tivese todo o que está en min!
Só iso xustifica a espera.

INXEL vaguedá,
desde onde me abondaas?

Ouh cor, supetamente vago,
mais alá do pensamento que xa cría enten-
/ derte!

VEN coma a choiva no preludio escuro,
abre por dentro a sua estanza
e faine todo remoto...

.

Ouh si esta vaguedá
tivese máis consistenza que un sono,
cando o certo ao sino volva ó meu canto!

23

1

LIN os sonos i os paxaros:
A morte non é certo!

2

OUH pulo inxel,
forza sin senso!

265

24 . NA MORTE DE ALBERT CAMUS

ESTOU velándoches co cor esposto á noite...

Anceio é nova?

Dun laio outro da curuxa
a pregunta faise contestada
e tórnase pregunta.

Velarei
hasta que volva a folla i alongue os mortos.

1960.

25

QUE veio ó lonxe?

Vento do Inverno,
de qué che son conocido?

Inxel, eterna pregunta,
ti sabes...

para

267

CAUREL, coor última!
Ti -cuh distancia da alma- sempre estás lon-
/ xe.

~~Dónde é lonxe?~~
[Dónde é lonxe?]

Qué teima a tua coor
que faine doado pro silencio?

27

O silencio perde o nome, ó sentilo.

Ouh, sempre lonxe!
E ún xa non será máis que este ancorar máis
sin poder salvar a distancia ^{alá da dor,} última
que a ollada queda tenta nos cumes?

1960.

269

10
2
10

G L O S A R I O

ULTIMO - o máis profundo na dimensión interior.

XEITO - resto.

CURSO XORDO - o cotigián.

ATMI - cobre (deixando algo oculto que volue descubrirse) atasca. *Catura*

A pregunta: ANCEIO É NOVA? alude ó Alén.

LONXE alude a vaguedade e inacadabilidade do Ser.

De Novoneyra
a García Sabell.

O Caurel. Santos 1960.

AMIGO García Sabell: Muchas gracias pola ESCOLA DE MENCINEIROS. Un belico prólogo no que me parou, sobre todo, a definición do home enfermo como unha esencial relación a punto de ser frustrada.

Non sei si terás recibido a edición reina das CANTAS de Santa Teresa feita en Bruselas que che remesei fai tempo, así como un autógrafa de Pondal que che mandei por Masó no Setiembre.

Pasemos a falar das Elexías: - Cando estiven ehi no Xaneiro, durante aquilo viaxe de Compostela a Cruña lembrome que xa falamos delas e que me dixeches que chea mandase pra dalas en "Galaxia". Ehi van pois.

Levarán un prólogo que xa me prometeo o Cilistro-íai un ano. E no cabo unha reflexión tua ó acabar de ler o libro, si é que non che pesa facerme.

Eu encoménome a ti pra feliz imprentación deste libro que por breve e minoritario esixe maior delicadeza. A min gustaríame un papel semellante ó dos EIDOS, quizaves cun branco menos cubado. En canto ó tipo de letra encontro axeitado o DE OS VELLAS NON LEBEN DE NAMORARSE impreso nos "Talleres Feón" de Pontevedra.

A todo esto^{si} en "Galaxia" encontraras: o mínimo recelo e publicación do libro non insistas, por mor de min. De non ser así, folgaríame recollar o primeiro exemplar o Día de Santiago. (1961)

" As "ELEXIAS DO CAUREL" son un documento de como é lus do cor se desenrolou en min a caída e saída do "Nihilismo". Un límite a escotar o sentimento e collerlle ó seu oculto sentido, sin estar nunca de fora.

O revés dos EIDOS, nas ELEXIAS a expresión non está baseada na maxia sonora do idioma. É ruda porque anque non forzada, tivo que ser conquistada. As palabras non saben dos sentimentos ou estados máis fondos, aos que é o balbucir sinon o silencio. E por outra parte eu nunca quixen que as palabras fosen máis alá donde están avaladas pola experiencia persoal, levadas polo sentido do idioma. Pois sei que de aquí ven a caída no vulgar das xeneralidades que tanto amenza este tipo de poesía que atende ó fondo máis universal do home. OS EIDOS é a sociedade do home no espello do silencio. Nas ELEXIAS por veces alcanzase ese estado en que a sociedade non ten espello. Isto axuvaracha a ler o libro.//

Lembranzas pra Piñeiro e todos os amigos compostelés. Saudos moi garimosos pra Elena i as pequenas, así como pra teu sobriño i aquela tan inxel rapaciña de Vilagarcía.

Unha aperta uende o vento da neve.

Novas